

XI Concurso literario *Mazarelos*

Co obxectivo de fomentar a creatividade da mocidade universitaria e de desenvolver a súa capacidade de expresión en lingua galega, así como para contribuír a descubrir potenciais figuras deste eido da cultura, a Comisión de Normalización Lingüística da Facultade de Filoloxía convoca o **XI Concurso literario *Mazarelos***, nome que lembra e homenaxea as raíces da Facultade e mesmo da Universidade e da propia Compostela, de acordo coas seguintes

BASES

1. Participantes

Poderá participar o estudiantado de grao, mestrado e doutoramento que estea matriculado en calquera titulación da USC, ou ben persoas investigadoras que estean contratadas na USC con cargo a proxectos de I+D ou programas posdoutorais, en calquera momento do ano 2025 anterior á finalización do prazo de presentación. A USC comprobará de oficio tales condicións no caso das persoas premiadas.

2. Obras

Admítense obras de calquera xénero literario (narrativa, poesía, teatro, ensaio...) e de calquera tema (incluída a temática científica). En todo o caso, a súa valoración basearase na calidade literaria.

Os textos deberán ser orixinais, escritos en lingua galega en calquera norma ortográfica, inéditos e non premiados noutros concursos. Tampouco non poderán presentarse a outros concursos durante o período desta convocatoria ata que se publique a decisión do xurado.

Os/as concursantes deberán achegar unha declaración en que garantan a autoría da obra e que os seus dereitos non están comprometidos nin pendentes de veredicto en ningún outro concurso literario. Esta declaración axustarase ó formulario de autoría que se publicará na páxina web da Facultade.

Estabélcese un límite máximo de 8.000 palabras. Non hai límite mínimo.

3. Entrega de traballos

As obras deberanse presentar a través do formulario de Microsoft (XI Concurso literario Mazarelos) creado para tal efecto e ó cal poderá accederse a través da seguinte [ligazón](#).

No formulario cargarase a **Declaración de autoría, orixinalidade e autorización de difusión**, debidamente cuberta en formato PDF e asinada polo/a concursante. Esta atoparase nas webs de Filoloxía (<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-filoloxia/concurso-literario-mazarelos>) e do Servizo de Normalización Lingüística (<https://www.usc.gal/gl/servizos/unidades/servizo-normalizacion-linguistica>).

Así mesmo, achegarase a **obra orixinal** en formato PDF sen asinar e **sen figuraren nela datos persoais, tampouco nos metadatos do arquivo**, o cal non poderá supera-los 10MB.

Alén diso, indícase no correspondente apartado do formulario o nome da obra e o lema ou pseudónimo do/a autor/a.

4. Prazo

O prazo de presentación remata no 30 de setembro de 2025 ás 23:59 horas.

5. Xurado

O xurado estará integrado por cinco membros elixidos e nomeados pola Comisión de Normalización Lingüística (CNL) da Facultade de Filoloxía. Un mínimo de dous membros será elixido entre o PDI da Facultade, procurando que polo menos un deles pertenza ás áreas de Filoloxías Galega e Portuguesa. Un máximo de tres poderá non ter relación actual coa Facultade. A presidencia do xurado recaerá nun profesor ou profesora da Facultade e será por elección entre as persoas que o integran.

A composición do xurado darase a coñecer na data de publicación da súa decisión.

6. Resolución e premios

Estabéllese os seguintes premios:

- 1.º premio: 600 euros e diploma
- 2.º premio: 500 euros e diploma
- 3.º premio: 400 euros e diploma

Os premios están suxeitos á lexislación fiscal vixente.

A organización, por proposta do xurado, poderá declarar sen adxudicar algúns dos premios, ou, de se-lo caso, amplialos concedendo os accésits que considerar oportunos e que consistirán en diplomas.

A resolución do concurso será publicada na páxina web da Facultade de Filoloxía e do Servizo de Normalización Lingüística e tamén se lles comunicará persoalmente ás persoas gañadoras.

Valorarase así mesmo a posibilidade de publica-las obras premiadas.

Polo feito de participaren, as autoras e autores, sen prexuízo dos seus dereitos de autoría, cédenlle expresamente á Facultade de Filoloxía da USC os dereitos de uso, difusión, distribución e reprodución da obra presentada, para a súa posíbel publicación nunha edición de carácter non venal, ou sempre que responda a fins promocionais ou culturais.

7. Entrega de premios

A CNL organizará un acto de entrega de premios, que se realizará antes da fin de 2025.

8. Aceptación das bases

A presentación ó concurso implica a plena aceptación da totalidade das súas bases e do veredicto do xurado.

A CNL reserva para si o dereito de interpretar, facer modificacións e tomar iniciativas non recollidas expresamente nestas bases, sempre que contribuíren á mellora do concurso e non alteraren a súa esencia.

A organización non se fai responsábel respecto a plaxios ou dereitos de autoría dos textos presentados, así como calquera outra transgresión da lei.